Eduardo Blanco Amor no nacionalismo galego (1919-1939). Liderato étnico e galeguismo

Xosé M. Núñez Seixas

A faceta política da personalidade do escritor ourensán Eduardo Blanco Amor é posiblemente das menos coñecidas dentro do crecente interese que a súa obra literaria e a súa faciana intelectual teñen suscitado deica o presente[1], ficando un tanto ignorado ou escurecido o seu papel como propagandista do nacionalismo galego entre as colectividades galegas de América —Arxentina e Uruguai— e as súas propias relacións co movemento galeguista actuante en Galicia, entre 1916 e 1936. Tal ignorancia é común en xeral a todo o ámbito do galeguismo americano dese período, que só recentemente comeza a se estudiar con rigorosidade[2]. A isto tamén ten contribuído probablemente o volunta-

1. Entre eles, as pescudas en curso de Gonzalo Allegue sobre a biografía de Blanco Amor, e Luís Pérez Rodríguez e Pilar Rus sobre a súa narrativa. Algúns apuntes, imprecisos, sobre a andaina política de Blanco Amor, en G. Luca de Tena, "*Nós*, 1927 e Martín Fierro. A viaxe dun xornalista por tres xeneracións", *Poema actual de Blanco Amor, A Nosa Terra*, Extra 3, 1985, pp. 31-36, e L. Pérez Rodríguez, "Unha semblanza de Eduardo Blanco Amor dende o seu epistolario", *Boletín galego de Literatura*, n. 3, maio 1990, pp. 33-48.

2. Intentos coma os de B. Cores Trasmonte, *Ramón Suárez Picallo. Galleguismo, Socialismo y acción de masas en Galicia*, Ed. do Castro, A Coruña, 1983, ou máis recentemente, B. Cupeiro Vázquez, *A Galiza de alén mar*. Ed. do Castro, A Coruña, 1989, resultan incompletos pola súa falla de profesionalidade no tratamento dos datos, aínda que fornezan abondosas referencias. Vid. un achegamento o tema en X.M. Núñez Seixas, *Galeguismo e emigración na rexión do Plata, 1913-1936*, Tese de Licenciatura, Universidade de Santiago, 1990, que citarei unha soa vez para aforrar notas. Unha *overview* xeral sobre o galeguismo na Arxentina en X.M. Núñez Seixas, "Emigración y nacionalismo gallego en Argentina, 1879-1936", comunicación ás II Jornadas sobre Inmigración Española a la Argentina, Buenos Aires, Outubro de 1989.

rio alonxamento de Blanco Amor do protagonismo e actividade política desde comezos dos anos corenta no vizoso eido do exilio galego en América, e que dalgún xeito continuou durante o período da transición democrática que viviu en Galicia.

Agora ben, a actividade e significación política do polifacético escritor ourensán dentro do eido do galeguismo ata o remate da Guerra Civil foi sen dúbida orixinal e sobranceira. A pesar de que Blanco Amor preferiu sempre conservar unha certa fasquía de *intelectual independente* e só circunstancialmente comprometido cunha posición política para o seu país, nunha sorte de *engagement* sui géneris, o certo é que a súa presencia en Buenos Aires nucleou e asegurou a continuidade e espallamento táctico do nacionalismo galego ó longo dos anos 20, deixando chantadas as bases da influencia dos galeguistas de América no galeguismo dos anos 30. A angueira de Blanco Amor non só ten de entenderse como parte dun movemento político galeguista centrado no país, senón máis acaidamente na súa propia condición de intelectual emigrado que, no seo dunha colectividade galega mergullada nun proceso de *asimilación*[3] crecente dentro da sociedade receptora —neste caso concreto, a arxentina—, toma unha postura favorable á afirmación do grupo étnico no seu interior e á asunción dun *positive leadership* que se apresenta como alternativo ó rol e intereses das élites directoras da comunidade galega na Arxentina, concentradas especialmente nas grandes institucións mutualistas (o Centro Gallego). O coñecemento da actuación e posicionamentos políticos desas élites —intelectuais, xornalistas, sindicalistas, etc— deborcadas cara un liderado *afirmativo,* a carón das outras —en xeral, representantes do ascenso económico— que buscan unha función de realce para unha mellor *integración* na sociedade receptora, como lembra F.J. Devoto, serve á súa vez como eficaz baremo para enxergarmos a realidade e contradiccións do grupo étnico emigrado no seu conxunto, en relación con outros e coa sociedade de recepción[4]. Amais diso o papel das élites intelectuais nos procesos de concienciación política de comunidades emigradas varía moito segundo os casos, e especialmente para o caso de colectividades emigradas que influíron no desenvolvemento do nacionalismo nos seus países de orixe: dunha secundaria importancia no caso dos emigrantes irlandeses nos EE.UU. durante a segunda metade do século XIX e comezos do XX[5], a unha

3. Disteramos aquí entre a acepción *asimilación* (absorción dun grupo étnico noutra comunidade receptora, cunha perda progresiva dos seus caracteres culturais específicos, é dicir, mediante unha aculturación) da de *integración* (incorporación ó corpo social da sociedade receptora, mais conservando o grupo étnico uns caracteres etno-culturais disterados que se manteñen vivos sen prexuízo dunha axeitada adaptación á realidade socio-cultural do país de acollida).

4. F. J. Devoto, "La primera élite política italiana de Buenos Aires (1850-1880)", in *Studi Emigrazione/Études migrations,* n. 94 (1989), pp. 163-194.

5. Sobre o nacionalismo irlandés nos EE.UU., vid. T.S. Brown, *Irish-American nationalism,* Lippincot Co., Philadelphia-New York, 1966; L.J. McCaffrey (Ed.), *Irish nationalism and the Ame-*

moito meirande nos casos nos que o nacionalismo non proviña dunha presión popular e en parte transplantada polos propios emigrantes desde os seus países de orixe, como amosaremos no caso das colectividades galegas emigradas. En todo caso, e en comparanza con outras colectividades emigradas peninsulares nas que o nacionalismo era predominante —caso de cataláns e bascos—, só no caso galego se formou unha auténtica élite intelectual nacionalista e abertamente defrontada coas élites económicas e políticas internas das asociacións mutualistas, correspondéndose co esquema dual de contraposición de élites descrito por Higham[6].

Imos enxergar, xa que logo, a evolución e actividade política de Blanco Amor no conxunto xeral da colectividade galega bonaerense.

1. O BLANCO AMOR RISQUIANO: 1919-1924

Eduardo Blanco Amor emigrou a Buenos Aires desde o seu Ourense natal ós 22 anos de idade, xusto no 1919. A súa experiencia política anterior fora nula, se ben dous feitos ían deixar nel, segundo confesaría anos máis tarde, fonda impresión: a lembranza das campañas agraristas de Basilio Álvarez no que tiñan de populismo agrario e vagamente rexionalista, e o maxisterio de Vicente Risco, co que frecuentou a tertulia "avangardista", e quen o tiña entre os seus máis achegados alumnos[7]. Á penas chegado, o xove ourensán traballa en oficios varios e desenvolve a súa verdadeira vocación, a literaria, no cosmopolita e arrequecedor ambiente cultural porteño dos anos 20 que ía deixar nel a súa faceta de *dandy* cosmopolita que sempre será característica da súa personalidade, ás veces en contradicción íntima co seu compromiso galeguista[8].

rican contribution, Arno Press, New York, 1976, e K.A. Miller, *Emigrants and Exiles. Ireland and the Irish Exodus to North America,* Oxford U.P., 1985.

6. Higham establece unha dualidade entre unha *leadership* que busca afianzar o seu poder no interior do grupo étnico para, en canto acada aquel, xustificarse diante da sociedade receptora e logo abandonar o grupo e integrarse nesta, mentres alternativamente se adoita colocar unha "more positive and dynamic leadership oriented to the center of the group". Vid. J. Higham, "Introduction. The forms of the ethnic leadership", in J. Higham (ed.), *Ethnic leadership in America*, J. Hopkins U.P., Philadelphia, 1978, pp. 1-16. Vid. tamén A.E. Fernández, "Patria y cultura. Aspectos de la acción de la élite española en Buenos Aires (1890-1920)", in *Estudios Migratorios Latinoamericanos,* n. 6-7 (1987), pp. 25-46.

7. Segundo declaraba o mesmo Blanco Amor a V. F. Freixanes, (*Unha ducia de galegos,* Galaxia, Vigo, 1976, pp. 90-91). Vid. tamén G. Luca de Tena, *art. cit.,* p. 33.

8. Como recoñecía o mesmo Blanco Amor, "Buenos Aires era la ciudad más ecuménicamente culta del habla castellana (...). Un joven de mi tiempo podía ver danzar a la Pavlova y a Nijinsky, dirigir a Sigfried Wagner las obras de su padre, asistir a exposiciones colectivas de los impresionistas franceses y a las conferencias colectivas de los impresionistas franceses y a las conferencias de Clemenceau y el Ortega treintañero, asistir al teatro en cinco idiomas (...). Había también el tono de gran ciudad cosmopolita" (repr. en Ian Gibson, *Federico García Lorca. 2 De Nueva York a Fuente Grande (1929-1936)*, Grijalbo, Barcelona, 1980, pp. 233-234).

Se en Buenos Aires existía desde 1879 unha certa tradición e continuidade na defensa por parte dunha élite dun rexionalismo galego con tintes federalistas, este desde comezos de século terá que convivir con outras dúas tendencias que configuraban o panorama político máis inquedo das sociedades galegas de Buenos Aires: unha corrente esquerdista socializante, moi influída polos partidos de esquerda arxentinos e que deixaba o seu carimbo en moitas das Sociedades de Instrucción e comarcais que desde comezos de século, coincidindo co auxe da corrente inmigratoria galega na Arxentina nese período, xurdían a decenas en Buenos Aires; e outra, moi relacionada e ás veces fusionada con esta, de carácter agrarista-republicano, que recibiu un pulo considerable trala viaxe de Basilio Álvarez a Arxentina no 1913. As tres correntes ideolóxicas tendían a combinarse entre si, dando lugar a misturas de socialismo e agrarismo en moitas sociedades comarcais —e que acadará o seu cume na constitución no 1921 da Federación de Sociedades Gallegas, Agrarias y Culturales de Buenos Aires, baixo o liderato de varios líderes de ámbalas dúas tendencias entre os que salientaba A. Alonso Ríos— ou de agrarismo e rexionalismo noutros casos, como se manifestara na aparición da revista *Suevia* no 1913 ou no confuso rexionalismo rexeneracionista e agrario de Fortunato Cruces e o seu semanario *Nova Galicia* desde 1900.

A esta situación veuse engadir a consciente e buscada proxección do nacente nacionalismo das Irmandades da Fala sobre América desde 1916, que leva á aparición no 1917 da Asociación Regionalista "A Terra", máis tépeda no seu galeguismo cás Irmandades, mais que integraba a maioría dos rexionalista-agraristas nunha nova dinámica, que terá cume a fins de 1918 ó se fusionaren con outras sociedades culturais galegas que amosaran simpatía pólo nacionalismo (a Asociación Coral Gallega, a Agrupación Artística Gallega e o Orfeón Gallego Primitivo) para constituír a Casa de Galicia, entidade que cos fins mutualistas combinaba un vago propósito de fomentar e espallar o galeguismo na Arxentina. Aquilo non impediu que paralelamene subsistisen sectores de nacionalismo máis definido vencellados ás Irmandades e non integrados na nova asociación, especialmente dende 1919 (coma o debuxante Xosé Ares, p. ex.).

Blanco-Amor fixo as súas primeiras aparicións en público, recitando composicións poéticas, nos "Xantares mensuales" que a Casa de Galicia adicaba cada mes a unha figura literaria ou histórica galega. É posible, como afirma no "Xantar de Septembre" de 1920, que Blanco Amor xa tivese unha certa misión de "voceiro" da intelectualidade nacionalista galega alén mar.

> Me complazco en ostentar (...) ese único título: joven de la nueva Galicia (...) llevar hacia vosotros, algo como un hálito, de aquella juventud admirable que allá en mi tierra se prepara para un glorioso

> resurgimiento civilizador (...). Una buena parte de estos nuevos, cuando salí (...) de Galicia, han puesto en mí algo así como una especie de embajada sentimental e intelectual[9].

Esa pretendida función de embaixador das Irmandades —e supomos que de Risco— era aínda moi contradictoria: Blanco Amor intervirá un ano máis tarde na inauguración da filial da Casa de Galicia en Tres Arroyos nun ton diferente, inzado de españolismo tradicionalista e monárquico a ultranza á vez que o ilustraba cos máis rexos versos de Ramón Cabanillas...[10] Nestes anos aínda estaba o ourensán nun proceso de formación e asimilación das teorías do nacionalismo galego, a través fundamentalmente dos puntuais envíos de libros e cartas do seu mestre indiscutible nestes anos, Vicente Risco, quen desde Ourense vai encamiñando a Blanco Amor polo vieiro do nacionalismo á súa maneira. Ámbolos dous estaban daquela condenados a entenderse, pois Risco era partidario do labor cultural e apolítico naquel intre, e vía no poeta ourensán un posible nucleador dun grupo galeguista de prestixio intelectual en Buenos Aires, que remedase a mala impresión que no fondo no líder da ING causaba o radicalismo "sen altura intelectual" que a activa e podente Xuntanza Nazonalista Galega d'a Habana amosaba naqueles anos[11]. Blanco Amor porén non compartillará totalmente o purismo no tocante ó idioma, xa que para el o nacionalismo en Buenos Aires tiña que ser moi prudente na súa propaganda, empregando o castelán e o galego segundo as circunstancias, e de feito as súas primeiras propagandas galeguistas faraas sempre en castelán. Nembargantes, o criterio purista de Risco imporase, e despois da volta a Buenos Aires de R. Illa Couto no Nadal de 1922, co encárrego expreso daquel para formar unha Irmandade, empezarán e a comezos de 1923 terán xa artellado un grupo non moi numeroso, coa idea de ser "poucos e bos", como lle louva Risco[12]. A resulta será a aparición da revista *Terra* en xuño dese ano, na que a ING galega e americana publicará traballos teórico-políticos de certa entidade, e na que Blanco Amor postulará ardesiamente a súa fidelidade ós principios nacionalistas da ING, a pureza ideolóxica do grupo bonaerense e o seu desmarque definitivo do "sentimentalismo cursi e podre, gaiola de parvos" e das "choromicadas morriñosas, coasi sempre falsas e decote noxosas"[13]. A ING bonaerense

9. *Acción Gallega,* Buenos Aires, n. 4, 30.IX.1920, p. 5.

10. *Acción Gallega,* Bs. As., n. 16, 31.XII.1921.

11. Carta de Vicente Risco a Blanco Amor, Ourense, 1.VII.1922. (B)iblioteca da (D)eputación (P)rovincial de (O)urense, (F)undo (B)lanco (A)mor, (C)orrespondencia, n. 954). Para un achego ó pensamento e actuación nacionalista de Risco, vid. J.G. Beramendi, *Vicente Risco no nacionalismo galego,* Ed. do Cerne, Santiago, 1981.

12. Carta de Vicente Risco a Blanco Amor, Ourense, ca. Maio/1923 (BDPO-FBA-C, n. 955).

13. E. Blanco Amor, "Nós", *Terra,* Bs.As., n. 1, 25.VI.1923, pp. 5-6.

constituíuse formalmente en agosto, contando con 16 membros, algún máis en Rosario e outros en Montevideo.

A fidelidade de Blanco Amor ó "mestre" Risco e a súa falla de reelaboración persoal do nacionalismo asimilado neses primeiros anos 20 — o que o reducía nun comezo a ser un mero propagandista da ING— é claramente perceptible na súa conferencia sobre o tema *Nacionalismo gallego* pronunciada na Casa de Galicia de Montevideo en febreiro de 1923. Nun ton intelectualista e á vez coa súa belida oratoria —que probablemente eiva a recepción da mensaxe polo público, con todo—, Blanco Amor cita repetidamente a Risco e a Villar Ponte para concluír que España non era unha nación, senón un *Estado plurinacional,* no que as diversas nacións que o integraban, naqueles intres, manifestaban a súa rebeldía contra dun Estado que "está fracasando desde hace muchos años (...) el estado español es y fue a lo largo de toda la historia una cosa antipopular", e que asoballaría ós entes *naturais* que son as nacións ibéricas, pois "la nacionalidad frente al Estado, significa lo natural frente a lo artificial". Asume un concepto pseudo-risquiano de nación, "una uniformidad de costumbres, idioma, psicología étnica o racial, etc", cunha alma perdurable e sobre todo cunha modalidade cultural disterada que configuran o principal, un "espíritu y una alma colectiva propia, que al desenvolverse da margen a una cultura propia". Precisamente Blanco Amor teimará no risco diferencial da cultura propia, polo que incide —na onda da ING— na necesidade de desenvolvela para asegurar o porvir da nación e o celme do nacionalismo, "Nosotros queremos primero sembrar la convicción de nuestro propio valer; cuando el alma nacional despierte, la acción vendrá sola", amais da súa fe nas minorías intelectuais selectas, pois "contamos entre los nuestros con cerebros de primer orden. Y esto basta para triunfar". Como obxectivos políticos sinala metas inconcretas, como "el engrandecimiento de España, por el de las nacionalidades que integran su territorio" anque prefire a fórmula da confederación ibérica —sen mentar, porén, a Portugal—, ou a eliminación do caciquismo, mais afástase un tanto da crenza risquiana na accidentalidade das formas de goberno: o único aspecto que parece emparentar a Blanco Amor co sector republicano da Irmandade da Fala coruñesa semella ser o seu aínda non moi explícito antimonarquismo [14]. No sucesivo, nembargantes, o escritor ourensán sempre se amosará moito máis preocupado pola acción que pola teoría, o que levará a constantes tensións e distorsións na súa terminoloxía e linguaxe segundo as circunstancias (alternancia caótica dos conceptos "rexión" e "nación", "rexionalismo" e "nacionalismo", "autonomía" e "federalismo", etc).

14. *Nacionalismo gallego.* Manuscrito, datado en Montevideo, mes de Febreiro de 1923 (BDPO-FBA, sen clasificar).

No outubro de 1923, porén, *Terra* publica o seu derradeiro número, pois a Dictadura de Primo de Rivera vai sumir nunha época de silencio e difícil supervivencia á ING de Risco, o que provocou a falla de colaboración desde Galicia, e tamén a inconstancia no pago e apoio á revista por parte dos seus subscritores, aínda que se conseguiu un primeiro obxectivo de "chamar a atención" mesmo diante da intelectualidade arxentina[15].

A ING bonaerense entrará nun período de crise e inactividade, e cara 1924 producirase a división no seu seo: mentres un grupo, con novas incorporacións, vai radicalizar as súas posicións e ancoralas no arredismo intransixente xa ata 1936, re-fundando a ING de Buenos Aires en setembro de 1925 e tirando do prelo no 1926 o voceiro *A Fouce,* Blanco Amor, xunto con algúns outros como Eliseo Pulpeiro ou Lorenzo Rico, abandonará a ING e buscarán unha estratexia "posibilista" de pacto e achegamento con sectores republicanos galegos para opórense á Dictadura en España.

2. O BLANCO AMOR GALEGUISTA REPUBLICANO (1924-1931)

En efecto, en 1924 Blanco Amor chegará, xunto con outros nacionalistas de Buenos Aires, a unha conxunción con algúns republicanos galegos de pasado rexionalista, como Domingo Rial Seijo ou Ramón Peña, para reeditar a revista Céltiga, que saíra brevemente en 1921. O propósito desta publicación sería triplo: 1) prestixiar a cultura galega mediante a súa expansión e abertura cara ó diálogo con outras, especialmente coas hispanoamericanas; 2) defender os postulados do nacionalismo galego dunha maneira posibilista, moderada e maiormente en castelán, abrindo ademais a posibilidade de servir de voceiro ós nacionalistas de Galicia, pero acollendo especialmente unha tendencia republicana que se irá acentuando no devalar dos anos 20; 3) Crear unha revista quincenal de cultura, variedades e política dun aceptable nivel e calidade, para así encher o oco que as publicacións galegas de Buenos Aires ata entón deixaran, e contribuíndo deste xeito á formación cultural do emigrante galego. Neste senso, *Céltiga* buscará sen acougo apresentar a face ignorada da cultura e das tradicións galegas a un grande público, loitando contra o autoodio e prexuízos que contra os emigrantes galegos tiñan en Arxentina. O certo é que a revista coñeceu un éxito inmediato, e manterase ata comezos dos 30 como a mellor revista galega de América e, probablemente, da mesma Galicia.

Un feito sobranceiro ten lugar tamén no ano 1924 que influirá sen dúbida na evolución ideolóxica de Blanco Amor: o seu encontro e ami-

15. Así o afirmaba R. Illa Couto en carta a Fermín Penzol, Madrigal (Chaco arxentino), 18.XII.1924 (reproducido en *Grial,* n. 73, Xullo-Agosto-Setembro 1981, p. 317).

zade co sadense Ramón Suárez Picallo, procedente do comunismo arxentino e da política sindical. Entre eles darase un proceso de "ósmose" ideolóxica: o ourensán aguzará o seu republicanismo, o seu populismo e unha tendencia esquerdizante; o sadense recibirá o seu galeguismo [16]. O certo será que Picallo abandona de contado a política sindical e se concentrará case exclusivamente na política galeguista, incorporándose ó *staff* de *Céltiga*.

Aínda que Blanco Amor tomará unha opción decididamente republicana, non por iso vai esquecer os seus fundamentos risquianos, e manterá unha fidelidade notable ó mestre durante toda a década: Risco aprobará de feito a táctica posibilista de Blanco Amor, e este lle ofrecerá desde outubro de 1925 a sección "Idearium galeguista" da revista, desde onde espallará en América, p. ex. a *Teoría do nacionalismo galego* de Risco. Pero *Céltiga* tamén mantiña relacións estreitas cos "irmandiños" coruñeses e, a modo, mais inevitablemente, a súa posición será claramente progresista e republicana, desbotando o anterior "elitismo" intelectual da ING [17].

Unha traducción desa tendencia será a incorporación de varios "céltigos" á directiva da FSG no seu congreso de decembro de 1925 (concretamente, Blanco Amor, Suárez Picallo, Fernández Lourido e P. Campos Couceiro), tras dalgúns contactos e actos conxuntos previos. A FSG buscaba por eses anos, tronzadas as súas relacións políticas co agrarismo claudicante coa Dictadura de Basilio Álvarez e coa UGT, un *partenaire* na política galega acorde co seu agrarismo socialista, e foino atopar nos nacionalistas progresistas, especialmente nos "céltigos". A incorporación destes será fundamental: disporán así dun eido de resonancia e actuación meirande para o nacionalismo —os máis de 6.000 socios da FSG—, á vez que acentuarán decididamente a súa evolución cara á esquerda republicana, e, á vez, atraerán a varios dirixentes da FSG ó galeguismo, como Alonso Ríos ou M. Cao Turnes, que orientarán ás súas sociedades comarcais no mesmo senso —caso da Unión Estradense, Hijos de Silleda ou Mondoñedo y sus distritos. Os galeguistas entenderon ben o papel que como élites dunha colectividade inmigrada podían xogar, á parte do culturalista, para a difusión dos seus principios, ó tempo que co seu "casamento" coa FSG e o órgano desta, *El Despertar Gallego,* afirmaban definitivamente o seu republicanismo (frente do condescendente Centro Gallego, p. ex.) que xa desde outubro de 1925 manifestaba polo demais un obxectivo máis concreto:

16. Victoria Armesto. *Los hijos cautivos de Breogán,* Ed. do Castro, A Coruña, Ed. do Castro, 1986, pp. 162-163.

17. "Ideas galegas. Ortodoxia e heterodoxia nazonalista", *Céltiga,* Buenos Aires, n. 23, 10.XII.1925.

a consecución dunha República federal para o futuro en España[18]. Blanco Amor, como intelectual, deixa nesta etapa, porén, un tanto as rendas políticas nas mans dos seus compañeiros, e adícase máis ó xornalismo e á crítica cultural; tamén promove iniciativas como as subscricións "Pro libro escolar gallego" e "Pro adquisición da casa de Rosalía" que infructuosamente apoiou *Céltiga* desde 1926. O relativo fracaso destas provocaba a xenreira dun Blanco Amor que comezaba a se sentir un tanto "inadaptado", no fondo, no deserto cultural e materialista que era a emigración galega, o que batía contra o seu fondo idealismo. De aí o criticismo árdego que en adiante amosará contra dos "galegos ricos" e acriollados, "ocupados en la romántica labor de acumular pesos" [19]. Outra das preocupacións constantes de Blanco Amor, e de *Céltiga* en xeral, era a conquista do Centro Gallego, abondando as críticas á xestión das diversas presidencias conservadoras do mesmo e concretando a súa proposta de anovamento para o Centro en tres puntos: democratización fonda e control da institución por parte das masas asociadas, galeguización da mesma e potenciación dunha sección cultural autónoma no seo do Centro que indirectamente se pensaba que serviría de baluarte e apoio tanto para a cultura nacionalista —o Seminario de Estudos Galegos, p. ex.— como á difusión do galeguismo en Buenos Aires. Blanco Amor era explícito a este respecto: "todos los centros gallegos del mundo deben mirar más de cerca los problemas de la nueva Galicia de la que están bastante alejados, espiritual y materialmente"[20]. Mais a tarefa sobranceira de Blanco Amor desde 1929 e após de certas retesías no interior de *Céltiga* que conlevaron un arredamento relativo do grupo máis nacionalista da súa redacción, será a propaganda do galeguismo republicano desde as páxinas do voceiro da Federación: tanto o ourensán como outros nacionalistas de Buenos aires —Fuco Regueira, E. Pita, Lino Pérez desde mediados de 1930— terán o seu couto máis preciado no absoluto control da "Comisión de Prensa" da FSG.

As críticas á posición de Blanco Amor e dos "céltigos" en xeral vanlles vir, á parte dos sectores máis españolistas e reaccionarios, desde a súa esquerda polos arredistas da nova ING, reconvertida en 1928 en Sociedade d'Arte Pondal, e desde as sociedades da FSG máis reticentes a conxugar o seu internacionalismo socialista abstracto coa tendencia nacionalista que os recén chegados á Executiva ían inxerindo. Desde 1928, as posicións de cadaquén iranse debullando e definindo: os "céltigos" no federalismo republicano, os arredistas na súa intransixencia independentista, e na FSG a formación de dous bandos —o pronacionalista e o anti-nacionalista— irreconciliables levará ó esgazamen-

18. "Ideas galegas", *Céltiga*, Buenos Aires, n. 20, 25.X. 1925.

19. E. Blanco Amor. "Divagaciones superfluas", *Céltiga*, Buenos Aires, n. 35, 10.VI.1926.

20. E. Blanco Amor. "Pedimos la palabra", *Céltiga*, Buenos Aires, n. 52, 25.II.1927.

to da Federación no 1929. Pero isto tamén conlevou que o sector maioritario da Federación —que ficou co órgano de prensa e coa maioría dos afiliados— remanecese xa definitivamente baixo o influxo dos nacionalistas.

1930 marcará o comezo da mobilización de amplos sectores da colectividade galega de Buenos Aires a prol do implantamento da República en España, e unha boa parte, empregando como plataforma *Céltiga,* a FSG e *El Despertar Gallego* e varias sociedades comarcais membros daquela, avogará por unha República federal. A viaxe de Blanco Amor a Galicia a fins de 1928, quen se radicou en A Coruña comisionado polo xornal porteño *La Nación,* serviu especialmente para afortalar os vencellos con Villar Ponte e o galeguismo republicano de A Coruña que Suárez Picallo encetara na súa viaxe a Europa en 1926. Todo era favorable a que, como de feito se produciu, cando chegou a nova da fundación da ORGA —coa participación dos nacionalistas republicanos— a Buenos Aires, axiña arredor dos "céltigos" e da FSG se formase unha filial arxentina do partido republicano galego, na que Blanco Amor tivo un papel salientable. En diante, a ORGA bonaerense vai axir no marco societario federal da FSG con total liberdade e absoluta influencia, como se manifestará no congreso federal de 1930 no que impón os seus puntos de vista e consegue o *ralliement* da Federación coa ORGA, e asemade a acentuación dos caracteres nacionalistas da *Declaración de Principios* da FSG, definindo a personalidade nacional disterada de Galicia, e os obxectivos prioritarios de loitar polo implantamento da República e "trabajar por que Galicia se organice de la manera más autónoma posible" nun marco preferiblemente federal. Dese xeito eliminábase o propósito maximalista dos arredistas, tamén influíntes no seo da Federación. Mais Blanco Amor, por moi sorprendente que pareza, aínda gardaba fidelidade ós principios de nacionalismo purista de Risco, tal e como revela unha carta a este de Maio de 1930: o escritor espremía a condicionalidade do apoio dos "posibilistas" bonaerenses á ORGA en tanto esta defendese un minimalismo galeguista, expresando a necesidade de moderar tacticamente o nacionalismo integral para conservar a Federación nas súas mans,

> Dempois da loita do derradeiro congreso a Federación volta a ser nosa con máis firmeza que nunca (...) A única realidade social dos galegos d'América está na Federación, á que debemos atraguer co-a másima sutileza e a troques de todos os autonomismos e demáis gayolas urgentes (...) Independentemente do que sintamos e pensemos nós ao respecto do porvír da nosa Terra, a masa inmigrante non está proparada pra ir máis aló dos autonomismo... pra mover esta gran i-heteroxénea masa d'homes, todas as precauciós son poucas. Impónse pol-o tanto unha política do máis fino evolucionismo.

Manifestaba mesmo a Risco o seu propósito de refundar a ING de Buenos Aires para atraer os arredistas e formar un grupo galeguista

compacto á marxe da Federación [21]. A resposta de Risco, porén, demorou demasiado, e aínda por riba cando á volta da viaxe deste a Berlín, xa a comezos de 1931, o "mestre" lle comunica a Blanco Amor o seu decidido accidentalismo verbo da inminente República e algúns resabios de simpatía pola organización do partido nazi[22], unha ruptura política non implícita pero real producirase entre ámbolos dous intelectuais que habería de ser definitiva. Reflexo diso é tamén o xa decidido compromiso republicano dos "posibilistas" escomenzando polo propio Blanco Amor, quen intervén activamente na xeira de mitins de apoio á República federal que se desenvolven entre fins de 1930 e comezos de 1931, mais que só apoiaba *tacticamente* á ORGA galega, en función ademais da desunión dos nacionalistas das Irmandades, anque "sentimentalmente" os posibilistas bonaerenses seguisen a situarse a carón daqueles[23]. En efecto, o anceio derradeiro dos "posibilistas" bonaerenses era a formación dun auténtico partido nacionalista unificado en Galicia, ó que estarían dispostos a apoiar de contado, laiando especialmente Blanco Amor da desunión existente entre nacionalistas "orguistas" e "barrantistas"[24].

Cómpre tamén suliñar que o intelectual *engagé* convivía ás veces en difícil harmonía coa torre de marfil, cun avangardismo estético que tamén quería casar coa súa asunción do galeguismo como anovación dunhas raiceiras e tradicións culturais que o ourensán identificaba cun lirismo compaxinable co avangardismo estético e, quizais, político[25]. Pero iso non lle impedía tampouco participar activamente na Campaña Pro-Residencia de Estudiantes de Santiago, organizada e alentada polos sectores nacionalistas de Buenos Aires a través do Comité Pro-Residencia de Estudiantes cuns tons claramente reivindicativos e nacionalistas: Blanco Amor teimará nas súas intervencións a prol da campaña na necesidade de defender a cultura galega dunha absorción por parte da española en xeral, criticando o centralismo universitario madrileño, etc, e proclamando a imperiosa necesidade de contar cun centro cultural propio para salvagardar a personalidade galega[26].

21. Carta de E. Blanco Amor a Vicente Risco, Buenos Aires, 9.V.1930 (Fundación Penzol, Vigo-Fundo Otero Pedrayo).

22. Carta de Vicente Risco a Blanco Amor, Berlin, 6.VI.1930 (BDPO-FBA-C, n.n. 959).

23. Vid. p. ex. o "Manifesto dos nacionalistas de Buenos Aires", reproducido en *A Nosa Terra*, n. 277, 1.XI.1930, pp. 5-6.

24. E. Blanco Amor. "Volviendo a Galicia", *Galicia*, Buenos Aires, n. 196, 15.III.1931, p.1.

25. Vid. p. ex. os termos nos que se expresa Angel Aller en carta a Blanco Amor, Montevideo, 10.IX.1930 (BDPO-FBA-C, n. 87): "llevamos la raza de Eça, aquel gran portugués que tanto habló, y tan líricamente. Esa herencia guardamos, pese a 1916, al Cabaret Voltaire y a su Dada, cuyo profeta Tzara lo pudo todo, menos cambiarnos el lirismo. Quiero decir, ahora, el galleguismo".

26. Vid. p. ex. o manifesto *Por la Universidad de Santiago de Compostela. Un llamado a la colectividad gallega,* asinado por Cao Turnes, A. Boo e C. Fernández, mais de autoría probada de Blanco

Os acontecementos precipitáronse coa proclamación da República o 14 de abril. O relouco que producíu entre os emigrados expresábao o voceiro federal, agora chamado *Galicia,* en grandes titulares: "¡Viva la República Federal Española!" e clamando pola proclamación en Galicia dun "Estado gallego soberano" a imitación de Cataluña. Pasadas estas vacuas esperanzas, porén, a Federación aprestouse a dar corpo a un vello proxecto de intervención directa na política galega acariñado no 1923 e que resucitaran as propostas dos galeguistas do Centro Gallego montevideano Sánchez Mosquera e Xulio Sigüenza: a constitución dunha "delegación" de representantes dos emigrados para intervir en Galicia no vindeiro proceso autonómico e electoral. Aínda que Blanco Amor é elexido nun comezo para formar parte dela, rexeita o cometido por razóns particulares: partirán en maio Suárez Picallo, Alonso Ríos e P. Campos Couceiro pola FSG e ORGA bonaerense, e Sigüenza polo Centro Galego de Montevideo, coa misión de apoiaren un estatuto o máis amplo posible, defender os intereses e ideais das asociacións de emigrados e contribuíren á formación dun bloco galeguista nas Cortes Constituíntes. Após dunha trunfal chegada e un positivo recibimento, só Suárez Picallo será elixido deputado, mais o éxito xa era máis ca notable.

A partida dos devanditos deixaba reducido o equipo de nacionalistas á frente da Federación, correspondéndolle agora o liderato a Blanco Amor, quen compartillará con Lino Pérez o labor de orientar e redactar o órgano federal *Galicia,* a prol das reivindicacións autonómicas e galeguistas e dos seus representantes en Galicia. Neste tempo pódese considerar xa que para Blanco Amor comeza outra etapa, cuns caracteres que viñeran prefigurándose dende 1928/29: a do nacionalismo populista tendencialmente de esquerda.

3. O BLANCO AMOR DO POPULISMO NACIONALISTA (1931-39)

O Blanco Amor que no sucesivo monopolizará a redacción e orientación do prestixioso órgano *Galicia* da FSG —agás na paréntese da súa estadía en Galicia de 1933/34 caracterizarase por unha progresiva asunción dun esquerdismo contradictorio e polo agudizamento, segundo as

Amor e Suárez Picallo. (Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Sección Histórica, mazo 512): "Hay que ayudar a la Universidad. Se imponen esfuerzos heroicos porque se trata de salvar algo que es superior a nuestra vida misma: nuestra cultura, amenazada de muerte por el intento de centralización más monstruoso de cuantos se han perpetrado en contra de la libre y prolífica actividad de los pueblos de Iberia. El proceso de coloniaje y esclavización sistemática de Galicia culminaría si los gallegos acatásemos este funestísimo intento. Recordemos que tanto aquí como allá, el verdadero pensar y el verdadero sentir de Galicia están secuestrados por los mantenedores del absurdo patriotismo oficial "...Unha visión xeral sobre a campaña pro-residencia de estudantes de Santiago en I. Varela González, *La Universidad de Santiago, 1900-1936. Reforma universitaria y conflicto estudiantil*, Ed. do Castro, A Coruña, 1990, pp. 59-84.

circunstancias, dun nacionalismo —desde agora prefire cáse sempre o castelán como vehículo— moderado nas formas mais radical segundo conviñese, e en todo caso unha prédica constante —en contraposición ó seu dandysmo intelectual— da necesidade para o galeguismo de transformarse nun movemento popular de masas, que fixese da "presión desde abaixo" o eixo da súa actuación.

No eido da acción, Blanco Amor estará puntualmente informado polo seu amigo Suárez Picallo das andainas da política galega, e mesmo será proposto polo sadense perante o Goberno republicano español para unha Inspección Diplomática en América que se non chegou a formar[27]. En teoría cando menos, as directrices dadas ós deputados galegos —e especialmente a Suárez Picallo— desde Buenos Aires eran abondo explícitas e barís: consolidación da República, considerando o réxime federal como idóneo, e defendendo en todo intre a "intransigente afirmación del derecho de Galicia a gobernarse de por sí", mantendo un principio igualitario con Cataluña e aceptando como programa mínimo o proxecto de Estatuto elaborado na Asamblea de A Coruña de xuño/1931: no caso de non ser este aceptado polo Goberno, os deputados galegos deberían reitrárse das Cortes[28]. Na práctica, *Galicia* amosarase moito máis acomodaticia e "posibilista". Mais os retrasos e dilacións na tramitación do Estatuto e a falla de entusiasmo amosado pola ORGA de Casares Quiroga en levalo adiante motivarán de seguida o desencanto dos bonaerenses.

Blanco Amor pronunciarase decote entre xuño e decembro de 1931 por unha política galeguista de acción e esquerdizante de límites vagos, que abranguese á maioría do pobo galego nun proxecto populista de amplo acado e que fundamentalmente atendese a cuestións prácticas. Mais o escritor, e en xeral *Galicia*, neste período, supeditarán arreo os principios teóricos a unha vontade reivindicativa e dinámica, sen excesivas preocupacións tácticas, na que unha sorte de "Macianismo populista", no senso de emulación mimética do exemplo catalán da Esquerra Republicana de Catalunya, colle a primacía[29].

27. Carta de R. Suárez Picallo a Blanco Amor, Madrid, 15.I.1932 (BDPO-FBA-C, n. 933).

28. "A los representantes del País Gallego en la Asamblea Constituyente de la República de España", asinado por E. Blanco Amor, Lino Pérez, F. Regueira, M. Campos Couceiro, M. Cao Turnes. (*Galicia,* Bs. As., n. 215, 12.VII.1931, p.1.).

29. Vid. p. ex. "El catalanismo no es un partido político, es el levantamiento de todo un pueblo, es la conciencia de Cataluña en marcha", *Galicia,* 22.II.1931. Ese "macianismo" ten sido sinalado por E.Ucelay da Cal, "Castelao y Cataluña. Semejanzas engañosas", in J.G. Beramendi/R. Villares (eds.), *Actas Congreso Castelao,* Santiago, Universidade de Santiago/Xunta de Galicia/ Fundación Castelao, 1989, pp. 295-319. Para unha definición dese "populismo" catalanista, vid., E. Ucelay da Cal, *La Catalunya populista. Imatge, cultura i política en l'etapa republicana (1931-1939)*, Ed. de la Magrana, Barcelona, 1982.

A ruptura coa ORGA producirase a finais de 1931, e de contado a FSG pasará a se aliñar co novo Partido Galeguista, na fundación do cal Alonso Ríos e Suárez Picallo tiveron salientada actuación, e que en definitiva respostaba ó partido nacionalista unificado dentro da tradición das Irmandades e disposto a plantexar a loita política que os "posibilistas" de Buenos Aires viñan preconizando desde 1930. A adhesión da ORGA porteña será inmediata, e a da Federación será ratificada polo seu VIII Congreso, celebrado en febreiro de 1932, no que os nacionalistas conseguiron que a *Carta Orgánica* da FSG adquirise un carácter nidiamente nacionalista, mais que acollía en síntese reivindicacións agraristas e reformistas de esquerda, sendo un bon exemplo dese populismo nacionalista que impregnaba a tódolos "posibilistas" e aínda a boa parte dos "arredistas" —agrupados desde comezos de 1930 na Sociedade Nazonalista Pondal arredor do seu quincenario *A Fouce*. O dominio na FSG será ademais garantido co trunfo repetido cada ano da candidatura "Azul y blanca" á executiva da Federación, e na que sempre figuraban os máis asiduos "posibilistas" (Cao Turnes, Lorenzo Rico, Campos Couceiro, Lino Pérez) que reservarán a Blanco Amor a Comisión de Prensa.

Blanco Amor amosarase sempre conforme con todo canto semellase rebeldía, insubmisión ou protesta en Galicia (p. ex., as mobilizacións de 1932 en Ourense contra a supresión das obras do ferrocarril con Zamora), e disposto a interpretalo como "paso preciso" para conseguir obxectivos nacionalistas do Goberno central[30]. Polo demais, a dinámica nova na que a Federación se deborcará será a campaña pro-Estatuto de Autonomía, apoiando neste senso o labor do PG e do Comité Central de Autonomía Gallega de Santiago, ben que iso non supuxese desbotar as arelas federais sempre presentes nos nacionalistas bonaerenses. Blanco Amor verá especialmente na iniciativa pro-autonómica dos concellos galegos e na súa Asemblea compostelana de Nadal/1932 unha manifestación da vontade popular a prol do Estatuto, e baseará a súa esperanza neste como instrumento para "trocar en un sentido extenso y profundo, todo el complejo de la vida gallega" e á vez para eliminar o caciquismo e dar o poder ás verdadeiras élites de Galicia, aquelas que poderían guiar o pobo no vindeiro cara o seu autogoberno e progreso[31]. Tamén empurrará Blanco Amor ás sociedades galegas a que alentasen ós seus asociados a faceren propaganda epistolar do Estatuto, xa que as circunstancias económicas do tempo —nunha Arxentina afectada polas consecuencias da crise de 1929, bloqueo de xiros, etc—, amais da "conocida racañería y la indiferencia zoológica de los gallegos pu-

30. E. Blanco Amor, "En carne propia", *Galicia*, Bs.As., n. 252, 27.III.1932, p.1.

31. E. Blanco Amor, "Compostela y la Autonomía de Galicia", *Galicia*, Bs.As., n. 262, 5.VI.1932, p.1.

dientes" non permitían campañas propagandísticas de meirandes ambicións[32]. O eco desas inciativas propagandísticas foi desigual, dependendo das sociedades particulares. A campaña pro-Estatuto de Autonomía, cinguíndose ás resolucións da Asemblea de Concellos de Nadal, ocupou a maioría dos esforzos de *Galicia* durante case todo 1933.

Os atrancos gubernamentais impostos á tramitación e plebiscitación do Estatuto galego provocaron unha certa radicalización temporal do voceiro da FSG bonaerense, que pasa a defender unha confusa posición *sinnféiner* de non colaboración con outros partidos e chegando mesmo a estoupidos de "arredismo inconfeso" ó se facer eco da formación de GALEUZCA[33]. Niso quizais influíu a marcha de Blanco Amor a España a mediados dese ano, como corresponsal do xornal *La Nación*, e que deixou o voceiro federal en mans máis radicais (Campos Couceiro, Regueira, ou o mesmo Lino Pérez). De feito, Blanco Amor seguiría colaborando, independentemente e gracias ó seu prestixio de xornalista, co Comité Central de Autonomía Gallega, sendo requerido nalgunha ocasión para tarefas propagandísticas[34].

A estadía de Blanco Amor en Galicia será polémica. O ourensán non estaba afiliado ó PG e mantiña unha posición moi independente e allea ás disciplinas partidarias, o que lle causara problemas xa en Buenos Aires e llos causará co propio PG. Dunha banda, ensarillouse desde o verán de 1933 nunha disputa xornalística co partido, durante as eleccións a Cortes de novembro, e que viñan incidir sobre a polémica desatada no mesmo PG verbo da táctica a seguir no futuro: ¿cumpría continuar coa indefinición doctrinal no dilema dereitas/esquerdas, refugando calquera sorte de alianza ou pacto cos partidos españois, ou chegar a pactos puntuais ou alianzas colaboracionistas con forzas republicanas ou de esquerda estatais?[35]. A postura de Blanco Amor será a da necesaria conxunción coas esquerdas españolas, para afortalar a República ameazada pola victoria dereitista de novembro/1933, e garantir o trunfo futuro do Estatuto. O escritor criticaba ó PG o seu ruralismo subxacente (por dar prioridade na súa propaganda ó campo no canto de ás cidades), sendo preciso en troques a conquista das cidades para o desenrolo dunha política moderna; asemade criticáballe a súa indefinición en temas coma o relixioso e o social, o que era xulgado por Blanco

32. E. Blanco Amor. "Una gran campaña epistolar", *Galicia,* Bs.As., n. 282, 23.X.1932, p.1.

33. Vid. p. ex. "Nosotros solos", *Galicia,* Bs.As., n. 319, 9.VII.1933, p. 1; "Se alborota el avispero", *Galicia,* Bs.As., 13.VIII.1933, p.3, etc.

34. Así, en agosto de 1933, o Comité Central de Autonomía Gallega de Santiago dirixíase a Blanco Amor, encarregándolle a redacción dun manifesto en defensa da autonomía de Galicia e alentando á concordia entre tódolos galegos. (Carta do Comité Central de Autonomía Gallega a Blanco Amor, Santiago, 8.VIII.1933, BDPO-FBA-C, n. 337).

35. Vid. Xavier Castro. *O galeguismo na encrucillada republicana*, Deputación Provincial, Ourense, 1985, pp. 574-575.

Amor como un erro político, xa que o Estatuto, por moito que fose apolítico, só podería ser outorgado por un goberno central de esquerdas. Era necesario, xa que logo, deborcarse cara esta, e mesmo consideraba positivo que o PG se esgazase nunha á dereitista e outra esquerdista[36]. O pobo galego, "masa en el sentido más pesado, compacto e informe de la palabra, que se mueve con desplazamientos lentos, casi instintivos" non posuía unha conciencia disterada de cidadanía, e as divisións da política española (dereita/esquerda) reflectíanse no seu seo, polo que cumpría afacerse a elas; sen criticar en si ó PG, si atacaba o idealismo e purismo excesivos dos seus militantes, que os alonxaban da realidade galega[37]. O PG viuse na obriga de retrucar os ataques, diante da incómoda posición na que os artigos de Blanco Amor o deixaban, o que motivou algún debate nas páxinas de *A Nosa Terra* entre partidarios e detractores do bonaerense[38]. Tal disidencia deu argumentos ós adversarios de Blanco Amor dentro da FSG, concentrados especialmente non só nos sectores arredistas senón tamén na Orgaización Republicana Nazonalista Galega (ONRG), nova denominación da ORGA bonaerense e de feito delegación fidel do PG alén mar. A "infidelidade" de Blanco Amor ó PG serviu de estímulo para o entendemento de ámbolos dous sectores, que plantexaron batalla cunha lista alternativa nas eleccións á Xunta Executiva da FSG de 1934, sendo derrotados pola "oficialista" galeguista "Azul y Blanca" por pouca marxe. A vista desas eivas internas, e aínda que se reservou o posto na Comisión de Prensa para Blanco Amor, a Xunta Executiva da FSG non deixou de "recomendar" o ourensán que acalase os seus ataques ó PG[39].

Blanco Amor fíxoo cumpridamente, non sen antes manifestar en febreiro de 1934 de novo o seu desencanto coa actuación do PG e a acentuación do seu esquerdismo, pasando a pregoar o apoio ó Partido Socialista e ás esquerdas republicanas en xeral, "para estar de acuerdo con nuestro fervor republicano, laico y netamente izquierdista", mentres o PG non trocase a súa posición[40]. Esa esquerdización será en parte secundada en Buenos Aires pola FSG, o lema da cal pasará a ser "Esquerdismo auténtico, nazonalismo galego, puro". Nesta tónica, Blanco Amor chegará mesmo a postular un entendemento do PG cos comu-

36. E. Blanco Amor, "Crítica del Partido Galleguista. Izquierda y Derecha", repr. en *Amanecer*, Santiago, n. 4, 1.IX.1934, p. 1.

37. E. Blanco Amor, "Crítica del Partido Galleguista. Teoría y práctica política", *El Pueblo Gallego*, 14.IX.1933, p.12.

38. Vid. p. ex. "O agro e a cidade", ANT, 11.IX.1933, p.3. Tamén Xavier Castro, *op. cit.*, pp. 582-583.

39. Carta da Federación de Sociedades Gallegas, asinada por P. Campos Couceiro, a Blanco Amor, Xuño de 1934 (BDPO-FBA-C, n. 477).

40. E. Blanco Amor, "Cartas en primera persona. Dos caminos posibles", *Galicia*, Bs. As., 11.II.1934, p.3.

nistas, lembrando o exemplo soviético de convivencia de nacionalidades[41]. Mais realmente Blanco Amor seguía un tanto ancorado nun populismo esquerdista que non seguía a radicalización crecente cara á esquerda e cara ó nacionalismo integral que parece experimentar o porteño *Galicia* na súa ausencia, senón que se expresaba en indefinidos e poéticos tons avangardistas que denunciaban o seu fondo idealismo: "un galeguismo grande, optimista, mozo, imprudente, agresivo e aberto", frente da "cousa xiada, triste, por veces cursi, por veces solene, e casi decote miudo, confuso, envolto i-enlamado en confusións, que é o que é hoxe"[42].

Blanco Amor gardará un certo silencio na súa actividade política durante 1935, centrándose nas súas actividades literarias e xornalísticas e establecido en Madrid. Alí debeu estreitar contactos coas esquerdas republicanas españolas, e organizou ciclos de conferencias radiadas cara América coa participación do mesmo Manuel Azaña[43]. Á súa volta a Buenos Aires, a fins dese ano, Blanco Amor amósase moito máis conciliador co PG, polo feito ademais de ter este chegado a un acordo coas esquerdas cara as eleccións de febreiro de 1936, teimando na necesidade de apoiar ás esquerdas para que éstas fixesen posible unha reestructuración federal da República[44].

A federación entregarase freneticamente a apoiar á Frente Popular, chegando a un acordo coa ONRG para levar a cabo unha subscrición conxunta en orde a custear a campaña electoral do PG a través do Frente Único Galleguista de Izquierda. A victoria da Frente Popular fará abeirar de novo á Federación semellantes esperanzas que no 1931, considerando que o movemento galeguista debía devir "un movimento social de izquierda, de pensamiento dinámico y constructivo dentro de Galicia", que loitase por unha Galicia autónoma "transformando el régimen económico-social que nos rige e implantando uno sin clases, sin privilegios, porque todos seremos unos y lucharemos por un ideal común a todos dentro de un estado colectivo de trabajo y de distribución equitativa de sus beneficios"[45]. O definitivo plebiscito autonómico de xuño será apoiado activa ou pasivamente por unha maioría de sociedades galegas de Buenos Aires, incluíndo ó conservador Centro Gallego que en definitiva se apuntaba ó feito consumado e tentando tomar partido del; mais o catalizador da campaña en todo intre fora a FSG.

41. E. Blanco Amor, "Antítesis galleguista. El Comunismo", *Galicia,* Bs. As., n. 390, 29. III.1934, p.1.

42. Carta de E. Blanco Amor (anaco/copia) a R. Suárez Picallo, 28.III.1934, s.l. (BDPO-FBA-C, sen clasificar).

43. Carta de Manuel Azaña a Blanco Amor, Madrid, 8.III.1935 (BDPO-FBA-C, n. 118).

44. Así o expresou no mitin en conmemoración de Pardo de Cela, o 17.XII.1935 (vid. *Galicia,* Bs.As., 22.XII.1935, p.1).

45. Ed., "Pensamiento y acción del movimiento galleguista", *Galicia,* Bs.As., 8.III.1936, p.3.

Unha vez aprobado o Estatuto en Galicia, a Federación bonaerense considerará parcialmente cumpridos os seus obxectivos nacionalistas, e dará prioridade ós sociais. Doutra, a ONRG rompeu a entente pro-autonomista e amosou as súas pretensións de erixirse en líder do galeguismo bonaerense polo seu carácter de representante oficial do PG. Pouco tempo haberá para discusións, diante do estalido da Guerra Civil en España.

En adiante, e durante todo o conflicto, a Federación buscará arreo unha táctica de unidade antifascista, refugando antigas retesías a prol dunha axuda eficaz para a República, da que o *Galicia,* eficazmente dirixido ata 1938 por Blanco Amor, será a expresión maior. Dunha banda, concretarase a unidade entre as dúas Federacións de Sociedades Galegas sobre a base dun programa de mínimos galeguista e socialista-agrario aceptable para ámbalas dúas, e que tivo lugar a finais de 1936. A partir de entón, a reunificada Federación de Sociedades Gallegas de la República Argentina encetará unha activa campaña de colaboración coa causa republicana española, participando nos Comités de Ayuda al Pueblo Español xunto con outras organizacións sindicais e políticas da esquerda arxentina, e coadxuvando a mobilizar a opinión pública do país a prol da República Española e freando así as veleidades pro-franquistas do Goberno militar arxentino [46]. A delegación do PG será porén marxinada desta mobilización polas súas antigas retesías coa Federación, a pesar dos intentos repetidos de Blanco Amor, seguindo nesto en parte instruccións do PG desde Barcelona para os incorporar ó *Galicia.* Blanco Amor, nembargantes, negouse en todo intre a abandonar a Federación e afortalar o Grupo Galeguista de Buenos Aires —nova denominación da ONRG, engrosada coa maioría dos antigos arredistas da SNP—, como lle pedía o PG, senón que seguiu mantendo a súa vedraña independencia de criterio e de fidelidade á liña da FSG, preferindo manter esta unida arredor da causa republicana e deixando para máis adiante —unha vez vencida a Guerra— a definición do seu carácter nacionalista [47]. A actuación de Blanco Amor como propagandista entre os innumerables comités de apoio á República que se formaron entre as sociedades galegas de Buenos Aires —maioritariamente

46. A Guerra Civil inxeriu unha nova dinámica nas relacións políticas e sociais nas colectividades hispánicas de América. Para o caso cubano, vid. C. Naranjo Orovio, *Cuba, otro escenario de guerra. La Guerra Civil y el exilio republicano español,* CSIC, Madrid, 1988. Para o caso uruguaio, P. Cagiao Vila, *Participación económico-social de los inmigrantes gallegos en Montevideo (1900-1970),* Tese doutoral, Univ. Complutense de Madrid, 1990; para o caso arxentino, L. Delgado, E. González e M. González, "La dinámica franquismo/oposición en Argentina: un ensayo de interpretación (1936-1950)", en J. Tusell, A. Alted e A. Mateos (coord.), *La oposición al régimen de Franco. Estado de la cuestión y metodología de la investigación,* UNED, Madrid, 1990, vol. II, pp. 275-295.

47. Informe de Blanco Amor a X.X. Pla e R. Dieste en Barcelona, Buenos Aires, 20.IV.1937 (BDPO-FBA-C, sen clasificar).

antifascistas, anque sectores significativos como *Correo de Galicia* se puxeran ó servicio dos facciosos— era incansable, así como a súa actuación a prol da agrupación pro-republicana do Centro Galego Unión Gallega, fundada no verán de 1937, que conseguiu unha victoria esmagadora nas eleccións á presidencia do Centro de 1938 por ampla marxe, gracias tamén en parte ó activo apoio do embaixador da República desde mediados de 1937, Ossorio y Gallardo, axudado por Blanco Amor como vice-cónsul da República española en Buenos Aires. Blanco Amor foi por iso destinado cara fins de 1937 a Mendoza como cónsul da República, ata o final da Guerra, e pesie ás protestas da Federación diante do Goberno español[48].

Iso alonxouno de Buenos Aires deica o final da contenda, precisamente nuns intres decisivos nos que o mapa societario galego se estaba re-debuxando face á post-guerra: frente da FSG, que caerá baixo o control dos sectores máis esquerdistas e antinacionalistas, aporase a estratexia dos grupos galeguistas, contando xa coa presencia dalgúns exilados, de fusionar varias sociedades locais para formaren Centros Provinciais (Ourensán, Pontevedrés e, logo, Coruñés e Lucense), verdadeiros bastións do galeguismo xa nos 40 e coa presencia de Castelao[49]. Blanco Amor non dixeriu moi ben o "dinamitado" da Federación —que para el representaba a plasmación do seu nacionalismo populista— e tampouco o rol activo que os Centros Provinciais comezaron a tomar. A pesar de manter boas relacións persoais tanto cos exilados como cos líderes galeguistas de Buenos Aires —escomenzando con Rodolfo Prada—, Blanco Amor reducirase nos anos 40 a intervir en actos protocolarios cando a súa colaboración lle era requerida, e pouco máis (coma co gallo do enterro de Castelao no 1950).

X. M. N. S.

48. Cartas de A. Ossorio y Gallardo a Blanco Amor, Buenos Aires, s.d. (cara Outubro/1937), (BSPO-FBA-C, n. 753) e 16.II.1938 (BDPO-FBA-C, n. 754).

49. Para o galeguismo de post-guerra, tanto do interior como do exilio americano, dispomos aínda de moi escasos estudios. Vid. algunhas referencias en H. Heine, *A guerrilla antifranquista en Galicia*, Vigo, Ed. Xerais, 1980; B. Máiz, *Galicia na II.a República e baixo o Franquismo*, Vigo, Ed. Xerais, 1987, e B. Cupeiro Vázquez, op.cit., asemade un achegamento específico ó tema en X.M. Núñez Seixas, " A supervivência do nacionalismo galego na emigración americana, 1939-1960", in J. Tusell, A. Alted e A. Mateos (coord.), op. cit., vol. I, pp. 303-312.